

ACORDO DE GOBERNO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos

Efectuouse unha modificación de carácter técnico por entenderse que se corresponde cunha mellor técnica xurídica a ubicación de conceptos incluídos no artigo 5 (beneficios fiscais) no artigo 6 (cota tributaria), xa que a aplicación de criterios de capacidade económica na determinación da cota tributaria aconsella a introdución dos mesmos no artigo 6.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, previo dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

1º) MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, nos termos que se transcriben a continuación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 5.- Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais

ARTIGO 6.- Cota Tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

En casos especiais, poderanse formalizar convenios de recollida de lixo, cos interesados que así o soliciten, fixándose nos mesmos o importe da taxa que se vaia a aboar pola prestación do servizo.

TARIFAS

CONCEPTO	Importe €/cuadrimestre
<u>Grupo I.-</u> Vivendas	Urbana: 31,37 €
	Rural: 21,89 €
<u>Grupo II.-</u> Consultas médicos medicina xeral, avogados, procuradores, arquitectos etc., notaría, xestoría, academias, autoescolas, ximnasia, axencias de viaxe, axencias de seguros, inmobiliarias e oficinas en xeral. Comercios polo miúdo prendas de vestir e tocado, lencería, calzado e complementos pel, produtos téxtiles para o fogar, xoguetes e artigos de deporte. Comercios polo miúdo artigos xoiería, relojería, bixutería. Comercios polo miúdo periódicos, libros, artigos papelería. Comercios polo miúdo viños e bebidas e latas de conserva. Copisterías, servizos fotográficos, ópticas, aluguer de películas de vídeo e semellantes, Tendas de informática e de telefonía móbil, tablets e accesorios, peiteadores e salóns de beleza, viveiros de plantas sen tenda, galpóns, quioscos, postos de xeados, administracións de loterías, exenderías de quinielas e semellantes, pintores, escultores, ceramistas e artesáns.	74,93 €
<u>Grupo III.-</u> Tabernas, hospedaxes e casas rurais (ata 10 habitacións). Consultorios sanitarios, acupuntores, naturopatas e outros, axudantes técnicos sanitarios e fisioterapeutas, masaxistas, ditiestas, auxiliares enfermería e podólogos. Comercio polo miúdo de produtos de droguería, perfumería e cosmética. Comercios polo miúdo carnicerías, froitas, verduras, pan, produtos pastelería, pescados. Comercios polo miúdo de sementes, abonos, flores, plantas e herbas, herbolarios. Explotacións de ganado e avícolas. Tendas de animais. Laboratorios, ultramarinos, autoservizos, tintorerías-lavanderías, talleres (motocicletas, bicicletas).	149,87 €
<u>Grupo IV.-</u> Farmacias, centros médicos, consultas e clínicas de odontoloxía e estomatoloxía, veterinarias e clínicas en xeral. Bares e Cafeterías, restaurantes (ata 100 m2), hamburgueserías, bocaterías (ata 100 m2 de superficie). Hoteis, hospedaxes e casas rurais (de 11 a 20 habitacións), Entidades bancarias, cines, teatros, imprentas e serigrafías (ata 250 m2 de superficie), adegas (ata 50.000 litros de produción), empresas funerarias (excepto tanatorios). Prefabricados de formigón. Comercios de venda de barcos ou vehículos. Salóns recreativos. Talleres de electricidade, fontanería, carpintería, maquinaria agrícola, soldadura, escaiolas.... (ata 500 m2). Talleres de motos. Almacéns de pensos, conservas,	199,84 €



froitas, plantas, téxtiles, (ata 200 m2).	
<u>Grupo V.-</u> Adegas (de 50.001 a 100.000 litros de produción), cafeterías categoría especial, pubs (de ata 100 m2) restaurantes (de mais de 100 m2). Hoteis, hospedaxes (de 21 a 30 habitacións). Estacións de servizo. Ferreterías, moblerías e tendas de electrodomésticos (ata 250 m2). Aserradeiros de pedra ou madeira. Talleres de reparación de vehículos ou barcos e de lavado e engrase. Almacéns de piensos, conservas.....e desocupados (de mais de 200 m2). Talleres de electricidade, fontanería, carpintería, maquinaria agrícola, soldadura, escaiolas... (de mais de 500 m2). Empresas de reciclaxe.	299,71€
<u>Grupo VI.-</u> Supermercados e bazares (ata 500 m2). Clubs nocturnos, adegas (de 100.001 a 250.000 litros de produción), Hoteis (de 31 a 50 habitacións). Entidades bancarias, cines, teatros, imprentas e serigrafías (de máis de 250 m2). Cafeterías e bares-pubs de categoría especial (de máis de 100 m2), tanatorios e salas velatorias. Ferreterías, moblerías e tendas de electrodomésticos (de 250 ata 500 m2). Restaurantes con salóns para bodas e banquetes (ata 300 m2). Cetáreas. Empresas de transportes (autobuses, camiións, maquinaria pesada....).	399,63 €
<u>Grupo VII.-</u> Discotecas e Salas de Festas. Supermercados, bazares, moblerías e tendas de electrodomésticos (de máis de 500 m2). Hoteis de máis de 50 habitacións. Camping, adegas (máis de 250.000 litros de produción). Discotecas, salas de festas. Restaurantes con salóns para bodas e banquetes (de máis de 300 m2). Matadoiros. Fábricas de conservas, envasados, cocedeiros e depuradoras de mariscos e industrias cárnicas. Piscifactorías. Asteleiros e outras empresas de fabricación.	599,49 €
<u>Grupo VIII.-</u> Comercios, almacéns e demais establecementos desocupados.	29,93 €
<u>Grupo IX.-</u> Vivendas ou locais que se atopen a mais de 200 metros de distancia do contenedor mais próximo por non realizarse a recollida diaria	0,00 €

<p><u>Grupo X.-</u> En atención a criterios de capacidade económica</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os beneficiarios dunha Renda de Inserción Social de Galiza durante os tres primeiros ano de vixencia da devandita prestación. 0,00 € - As familias que teñan a condición de familia numerosa cuxos ingresos non superen o límite de 30.000 € anuais, (incrementado en 8.000 € por cada fillo a partir do cuarto). Esta cota aplicarase unicamente á vivenda habitual. A condición de familia numerosa acreditarase mediante título expedido ao efecto pola Xunta de Galicia. 0,00 € - As persoas que constitúan unha unidade familiar monoparental ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais. Para a aplicación desta cota a renda familiar ha de ser inferior ao salario mínimo interprofesional 0,00 € - As persoas beneficiarias do Plan de Alimentos do Concello de Cambados ou que perciban a renda de emerxencia social 0,00 € - Os xubilados ou pensionistas cunha renda familiar inferior ao salario mínimo interprofesional. 0,00 € <p>Para a aplicación desta cota a persoa interesada deberá solicitala e acreditar o cumprimento das condicións que a motivan, o que será valorado mediante informe favorable dos Servizos Sociais do Concello. Establécese a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que dan lugar a esa cota no prazo dun mes desde que se produza dito cambio de circunstancias e, en todo caso, cunha periodicidade anual.</p>	
<p><u>Grupo XI.-</u> Mercado e praza de abastos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Postos de venda ambulante 1,05 €/día - Postos fixos de venda no interior da Praza de Abastos 4,85 €/mes 	

- Postos eventuais na Praza de Abastos ou Mercado	1,05 €/día
---	------------

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Cambados, a 20 de Outubro de 2017.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.